

MUIÑO (San Tirso)


Por Evaristo Domínguez e Xosé M^a Lema

San Tirso de Muíño forma parte do grupo de parroquias da zona meridional do concello: as súas augas diríxense cara ao sur, vertendo directamente no río Xallas (o Rego da Fonte Espiño, co seu afluente Rego das Abellas). A súa altitude máxima na súa parte oriental está no outeiro da capela de santa Margarida (346 m.), mentres que na occidental as elevacións son un pouquiño maiores como é o caso do Alto da Torre (432m.) ou a Costa do Pedrido (403m.).

Eclesiasticamente é hoxe parroquia independente (noutroira foi filial da Pereira), pertencente ao arciprestado de Céltigos. No Antigo Réxime formaba parte da xurisdición señorial de Soneira.

A súa extensión é de 15,90 km². Temos estes datos da súa evolución demográfica ao longo da historia: 22 veciños (1607), 20 veciños e 150 hab. (1836 e 1848), 291 hab. (c. 1928), 89 vc. e 391 hab. (1965), 21 vc. e 443 hab. (1970), 414 hab. (1981) e 383 hab. (1991), 348 hab. (2001), 308 hab. (2006), 288 hab. (2011), 260 hab. (2014) e 271 hab. (2015). Intégrana os seguintes lugares: As Abellas, Campos, O Couto, A Churía, A Fonte Espiño, Marán, Pedra Padreiro, A Piosa, A Santa, A Toxa e O Vilar, que no que vai do séc. XXI tiveron os seguintes habitantes:

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Abellas (As)	87	82	79	77	76	74	72	68	71	70	74	68	68	62	63
Campos	40	40	39	39	38	37	35	34	34	34	33	31	30	28	29
Couto (O)	54	51	47	46	46	49	43	41	40	41	41	39	37	37	46
Churía (A)	11	11	10	9	9	8	8	8	8	8	8	7	6	6	6
Fonte Espiño (A)	38	36	36	33	33	32	29	31	32	33	35	35	34	34	34
Marán	47	45	48	49	49	48	49	48	47	43	42	39	38	38	38
Pedra Padreiro	25	25	25	24	24	21	21	21	22	27	24	23	27	26	27
Santa (A)	4	4	4	4	4	4	4	4	3	3	3	3	3	3	3
Toxa (A)	13	13	12	12	12	11	11	11	10	9	9	9	9	9	9
Vilar (O)	29	29	29	28	26	24	21	20	20	20	19	18	18	17	16
MUIÑO	348	336	329	321	317	308	293	286	287	288	288	272	270	260	271
Porcentaxes %	100	96.5	94.5	92.2	91.1	88.5	84.2	82.2	82.5	82.8	82.8	78.2	77.6	74.7	77.87



Evolución do poboamento da parroquia e de todo o concello desde o 2001, en porcentaxes

Os nomes de lugar de Muíño

O topónimo que lle dá nome á parroquia, **Muíño**, que non existe como entidade de poboación, é transparente: procede do latín *molinum* 'muíño'. **As Abellas** pode facer referencia a un lugar onde había abellas bravas. **O Couto** procede da palabra latina *cautum* 'cercado'. **A Churía** é un topónimo pouco habitual que pode facer referencia na súa orixe a un lugar 'cuberto de flores' (do lat. *florida?*). **A Fonte Espiño** é un topónimo transparente, pois alude á existencia dunha fonte situada ao carón dun espiño. **Marán** semella ser de orixe xermánica. **Pedra Padreiro** segundo F. Cabeza Quiles quizais en orixe fose 'a Pedra do Padreiro', sendo ese 'padreiro' unha variante da árbore chamada 'pradairo' ou falso plátano. **A Santa** é o lugar nacido arredor da ermida de santa Margarida ('a santa' por antonomasia nesta zona). **O Vilar**, deriva do latín *villaris* e fai referencia a unhas instalacións 'anexas ou pertencentes a unha villa' (a unha *villa* da época romana, que era unha 'propiedade agraria habitada pertencente a un señor notable'). **A Toxa** alude á abundancia de toxos no lugar onde se asentou a primitiva poboación.

A igrexa parroquial de san Tirso de Muíño

Está situada cerca do lugar do Couto, na zona norte deste lugar. Presenta a clásica fachada pentagonal, de cantería e lisa, rematada na parte central por unha sinxela espadana, construída seguramente no séc. XIX. Non obstante, todo o resto do templo responde ás características arquitectónicas do séc. XVIII.

No adro, unha das lousas próximas á entrada principal corresponde á lauda dunha tumba da época medieval.



Igrexa de san Tirso de Muíño [XMLS]



Lauda dunha tumba medieval no adro parroquial de Muíño [XMLS]

Interior da igrexa

Planta de salón cunha estreita nave de apreciable altura; vai cuberta por unha bóveda de canón corrida.

Accedemos ao presbiterio baixo un arco triunfal de escasa altura, volteado sobre pilastras; este presbiterio é moito máis estreito e de menor altura ca a nave, e vai cuberto por unha bonita bóveda de crucería nervada, estrelada, cunha clave central (cunha cruz en relevo) e catro secundarias (con rosetas e outro tipo de decoración simbólica en relevo). Este tipo de bóvedas son pervivencias góticas que nalgúns casos chegaron ata o segundo terzo do séc. XVIII.

Na parede norte do interior do presbiterio acaroouse un artístico **escudo de pedra**, cuartelado en cruz e tallado nunha soa pedra, coroado por un casco ou helmo afrontado. Nos cuarteis aprécianse as armas dos Pazos, Figueroa e Moscoso, que responden ás distintas ramas dos señores das chamadas torres de Muíño, situadas no máis alto do veciño lugar do Couto. Os señores destas torres tiñan o dereito de presentación do crego desta igrexa parroquial, o que os obrigaba tamén a garantir o bo estado da capela maior do templo.



Algunhas imaxes

Na parede leste do interior do presbiterio queda un amplo fornello rematado en arco de medio punto, que, sen dúbida, noutro tempo deu acubillo ao retablo maior, hoxe desaparecido (o templo non ten

hoxe ningún retablo); na clave central deste arco apegouse unha imaxe de pedra dunha Inmaculada (a Virxe en actitude orante sobre a cabeza e as ás dun querubín).

Sobre un pé dereito a un dos lados do altar maior hai outra figura de pedra que representa o santo patrón da igrexa, san Tirso, de escasa calidade, pois apenas se aprecia algún trazo distintivo na anatomía ou nas roupas; leva nas mans unha serra, o seu atributo persoal, como recordo do último dos seus suplicios.



Escudo nobiliario do muro norte do presbiterio
[XMLS]

Xa realizadas en madeira, a igrexa conserva unha serie de imaxes distribuídas polos muros interiores da nave, xa sobre ménsulas, xa sobre pés dereitos: outra representando a san Tirso (mozo novo e imberbe, que viste túnica e clámide; leva na man dereita a palma do martirio e na esquerda unha serra de man, o seu atributo, distinta da da imaxe de pedra); un santo André (barbado, cun libro na man e a cruz en aspa por detrás); un santo Antonio (frade franciscano imberbe, co neno Xesús nos brazos, cun pano polo medio); un san Xosé (tamén cun neno Xesús nos brazos, cun pano polo medio); un santo Agostiño (vestido co hábito monacal negro da orde agostiña; mitra na cabeza, báculo na man dereita e, na esquerda, unha maqueta dunha igrexa, por ser fundador dunha orde); unha Virxe do Carme (vestida co hábito castaño dos carmelitas, co neno Xesús nunha man e un escapulario na outra). Todas estas imaxes, de aceptable feitura, semellan de estilo barroco; quizais foron esculpidas no séc. XVIII e varias delas formaron parte dalgún dos retablos desaparecidos.

Hai, así mesmo, unha imaxe da Virxe do Corpiño, do séc. XX, quizais produto da doazón dalgún

devoto. Trátase dun caso único, pois que se saiba, a Virxe do Corpiño só recibe culto na parroquia de Santa Baia de Losón (concello de Lalín, na comarca do Deza).

Tamén se garda na igrexa a imaxe de santa Margarida, pertencente á ermida do mesmo nome; represéntase coma unha moza vestida con túnica e manto que cos pés esmaga un dragón ou monstro (personificación do demo); posiblemente sexa de estilo barroco, do séc. XVIII.

Como anécdota, na visita que efectuou en 1607 a esta igrexa o visitador pastoral, o cardeal Jerónimo del Hoyo, indica que nela non hai Santísimo Sacramento *"por la pobreza y poca debocion de los feligreses"*.



A ermida de Santa Margarida

Ten o seu santuario no lugar da Santa, dunha única casa. Ao seu arredor quedan aínda uns poucos carballos. Na súa zona leste está a fonte da santa.

A ermida é de mediados do séc. XVIII, pois segue as características arquitectónicas doutros santuarios desta mesma época: unha nave rectangular cuberta cun tellado a dúas vertentes e unha capela maior ou presbiterio –con teito ao centro- que se eleva a unha maior altura. A fachada –de cantería- é lisa: segue o clásico esquema pentagonal e culmínase cunha pequena espadana dun único corpo.

No interior, o arco triunfal de entrada á capela maior tamén responde ás características de mediados do XVIII, e mesmo puido ser construída nesta centuria a bóveda de crucería nervada que cobre




esta capela maior (moi semellante á que xa vimos na igrexa parroquial: unha pervivencia construtiva gótica que en ocasións chega ata mediados do 1700). O retablo é de estilo neoclásico (fins séc. XVIII-principios XIX).

Con todo, este santuario xa existía con anterioridade ao séc. XVIII: seica aquí xa había unha romaxe por 1670. Así e todo, o cardeal J. del Hoyo non fala del na súa visita á parroquia en 1607. Seguramente foi unha fundación privada dos señores das torres de Muíño, pois doutro xeito non se explicaría o fachendoso escudo de armas que estes fidalgos colocaron na propia fachada do edificio, sobre a porta principal (lado oeste). Coroado por un casco ou helmo con penacho, este escudo cuartelado deixa ver os símbolos dos Figueroa, dos Moscoso e dos Pazos e garda moita semellanza co do interior da igrexa parroquial de Muíño.



Ermida de santa Margarida de Muíño [XMLS]



Retablo da ermida de santa Margarida de Muíño
[XMLS]



Escudo da fachada da ermida de santa Margarida de Muíño[XMLS]

Os restos da torre do Couto ou de Muíño

No lugar do Couto só queda hoxe en día unha parte do que noutro tempo foi a torre do Couto ou de Muíño, lugar de residencia da estirpe fidalga dos Ozores, antigos donos do couto de Muíño. Na actualidade os seus actuais donos, que adquiriron a propiedade en 1962, transformaron o que queda deste nobre edificio nun cabanote.

Da antigüidade deste edificio pódennos dar testemuño as súas paredes de cantería, con pezas cortadas de forma bastante irregular, e sobre todo, unha porta que se abre na parte baixa rematada en arco semiapuntado de grandes doelas (formas características do último gótico, a finais do séc. XV ou principios do XVI). Por esta porta podemos acceder ó sobrado, convertido nunha palleira; desde as súas ventás con asentos laterais podía divisarse un amplo territorio. Esta casa aínda é coñecida hoxe como a "Casa do Conde", pero dá verdadeira mágoa vela neste deplorable estado. Xa pasa dos 20 ou 30 anos que, para facer unhas cortes modernas, mesmo se destruíu toda a súa ala norte, que aínda se podía contemplar case intacta nunha foto da obra de Martínez-Barbeito (1978: 419).

O primeiro dono da torre do Couto foi Gonzalo de Pazos de Muíño, a quen lle sucedeu outro Gonzalo de Pazos; fillo deste foi Juan Romero de Pazos, e deste Alonso Romero de Pazos e Figueroa. Despois viría Pedro Romero de Pazos, esposo de Mencía de Andrade (ilustre dama

compostelá de quen se conserva un coñecido sartego pétreo, de finais do séc. XVI, na capela da Azucena da catedral de Santiago); fillo desta parella foi Alonso Romero de Figueroa. Veu despois Sebastián Romero e Gondomil, fillo ou neto do anterior, que tivo unha filla -Andrea Romero de Pazos- que casou con Luis Alvarez de Calo, tendo a Josefa de Calo e Romero de Pazos, esposa de Juan de la Cruz Ozores e Romero. Seguiu a liñaxe con José Ramón Ozores e Calo, señor de Rubiáns e grande de España, e despois con María Ramona Ozores Valderrama (marquesa de Hombreiro por casar co marqués desta casa) etc., etc. (Martínez-Barbeiro; 1978: 419, 420). Como se ve, unha casa de familia ben ilustre; mágoa do seu estado actual.



Parede sur dos restos da Torre do Couto
[XMLS]



Arco do séc. XV ou XVI das Torres do
Couto [XMLS]

O cruceiro do Couto

Chama a atención porque se atopa no interior dunha rotonda ovada, axardinada, ben protexido por unha reixa de ferro; isto revela o agarimo que os vecinos lle teñen como símbolo do seu lugar.

Ten plataforma cuadrangular de cinco grosos chanzos, cun pousadoiro acaroado na parte oeste. O varal remata nun estreito capitel con querubíns ós lados e volutas nas esquinas. Sobre el, unha cruz cun Cristo crucificado con tres cravos (lado oeste), moi estilizado, un anxo parece colocarlle unha coroa ou dosel sobre a cabeza; no lado leste, unha Inmaculada coroadada por dous anxos.

Malia que as figuras están moi erosionadas, consideramos que se trata dunha obra barroca do séc. XVIII.



A arca da Piosa

A arca, anta ou dolmen da Piosa atópase no medio dun eucaliptal pertencente á parroquia de Muíño, lindeira xa co concello de Vimianzo. É outro dos monumentos megalíticos de máis sona de toda Galicia, pertencente á área Soneira-Xallas, de exemplares tan recoñecidos como as antas de Dombate, de Pedra Cuberta, Pedra da Arca de Regoelle, a Mina da Parxubeira etc.

A súa planta responde á tipoloxías das antas de corredor (á cámara adxúntaselle un pasadelo de entrada, cuberto tamén con lousas); ten 5 metros de lonxitude. En canto ó alzado, non hai unha diferenciación moi nidia entre corredor e cámara, pois o conxunto toma unha forma escalonada. O que si chama a atención é o tamaño xigantesco das súas lousas, verdadeiramente ciclópeas (cálculase que pesan entre todas unhas 35 toneladas). No apartado correspondente ós restos arqueolóxicos do concello xa se indicaron outras características deste singular megalito.

A arca da Piosa xa era coñecida a finais do séc. XIX polos nosos historiadores e arqueólogos. Foi outro dos monumentos que inspirou a Eduardo Pondal, que quixo ver nesta anta o mausoleo ou tumba de Brandomil, un dos seus míticos guerreiros celtas da antiga Galicia. Ben paga a pena lembrar, por uns momentos, os épicos versos do moderno bardo:

*"Arca antiga da Piosa,
o vento que é triste oír
funga nas esquivas uces,
que están ó redor de ti;
e pasa entre elas bruando
con un dorido xemir:
debaixo das túas antes
está o valente Brandomil.*

(...)

*...O valente Brandomil
saído da xentil e boa raza
dos celtas, repousa aquí".*

(Eduardo Pondal.- Queixumes dos pinos; 1886).



A multitudinaria visita á tumba do "valente Brandomil", no Simposio do Megalitismo da Costa da Morte 2006 [foto XMLS]

A Arca da Piosa é o lugar ideal para comprobar se é certo que a primeira raiola de sol do solsticio de inverno entra a través do corredor do monumento -máis ou menos orientado cara ó leste- na cámara. Estas fotos son da autoría de Fernando Alonso Romero, catedrático de Lingua Inglesa da Universidade de Santiago e gran entendido nos mitos e lendas antigas e, en particular, nas relacionadas co megalitismo, que se desprazou expresamente para realizalas o día 21 de decembro de 2006. Agradecemoslle a súa cesión.



Entrada do sol na cámara da Arca da Piosa ó amencer do día 21-12-2006 [foto Fernando Alonso Romero]



Amencer na Arca da Piosa o 21-12-2006 (a punta do paraugas orientada cara á saída do sol)
[foto Fernando Alonso Romero]

Festas de Muíño

A principal de todas é a romaxe de Santa Margarida, "a Santa" por antonomasia, festa local para todo o Concello de Zas. Celébrase o 26 de xullo na súa ermida do lugar da Santa. A imaxe gárdase hoxe na igrexa de San Tirso, e lévase o día da festa en procesión automobilística. O día anterior, o 25 de xullo, festéxanse as Dores.

O Sacramento é o 28 de agosto. Misa solemne e procesión desde a igrexa ó cruceiro do lugar do Couto, onde hai unha parada para a adoración.

A festa do patrón, san Tirso, celébrase o 28 de xaneiro, cunha misa solemne, procesión e xantar na casa. Ó día seguinte, 29 de xaneiro, a festa de san Xosé (de escasa importancia).

Tamén se celebra a festa do Corpiño o 30 de maio, festa de ofrendas e de abundantes exvotos de cera. Ten habido merendas arredor da igrexa parroquial.

Inventario dos bens do patrimonio de Muíño (segundo o PXOM)

Arquitectura	Arqueoloxía
1.- Igrexa parroquial	13.- Castro do Alto do Castríño
2.- Capela de Santa Margarida	14.- Mámoa da Braña das Fiallas (A Santa)
3.- Cruceiro da Torre	15.- Mámoa nº 1 das Madoñas (A Santa)
4.- Cruceiro no Igrexario	16.- Mámoa nº 2 das Madoñas (A Santa)
5.- Cruceiro na Santa	17.- Mámoa da Costa do Oreiro (A Santa)
6.- Casa reitoral. O Vilar	18.- Mámoa do camino da Santa (A Santa)
7.- Casa-torre do Muíño (O Couto)	19.- Mámoa nº 1 da baixada de Monte Pedreira (Pedra Padreiro)
8.- Casa e alpendres en Pedra Padreiro	20.- Mámoa do Monte Pedreira. A Lagoela. Marán
9.- Fonte da Santa	21.- Mámoa da Pedra da Moura (As Abellas)
10.- Muíño das Abellas	22.- Mámoa nº 1 da Fonte Seca (A Churía)
11.- Hórreos nas Abellas	23.- Mámoa nº 2 da Fonte Seca (A Churía)
12.- Catro hórreos no Couto.	23.- Mámoa nº 1 de Pedra Cubela (A Churía)
	24.- Mámoa nº 2 de Pedra Cubela (A Churía)
	25.- Mámoa da Piña (O Couto)
	26.- Mámoa das Laxas (O Couto)
	27.- Mámoa da Ponte do Vao (O Couto)
	28.- Mámoa da Pedra Chan (As Abellas)
	29.- Mámoa da Santa (A Santa)
	30.- Mámoa nº 2 da baixada de Monte Pedreira (Pedra Padreiro)
	31.- Mámoa de Monte Maior (As Abellas)
	32.- Mámoa da Canle do Marco (As Abellas)
	33.- Foxa do Tourallo (O Couto)
	34.- Arca da Piosa (As Abellas)

Bibliografía

DOMINGUEZ RIAL, E. (1984): “Riqueza arqueológica del Ayuntamiento de Zas”, en *O Voceiro de Zas* nº 0, 1, 2; Zas.

LAREDO CORDONIÉ, J.M^a e X.M^a LEMA SUÁREZ (2012): *Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte. I. Bergantiños Occidental e Terra de Soneira*; Seminario de Estudos da Costa da Morte; Vimianzo.

LEMA SUÁREZ, X.M^a (coord. e dir.) et alii [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.M^a REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

MARTÍNEZ-BARBEITO, C. (1978): *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*; Deputación da Coruña, A Coruña.